

Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión intercentros do convenio colectivo da Asociación Camiña Social, relativo á revisión salarial para o ano 2009.

Visto o acordo subscrito o 16 de febreiro de 2009 pola comisión intercentros do convenio da Asociación Camiña Social, relativo á revisión salarial para o ano 2009, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición da dita revisión salarial no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Tercero.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Distribución de contías brutas mensuais e anuais de complementos salariais e non salariais para postos en centros de traballo de tipo pechado con incremento 2% IPC previsto para o ano 2009

Grupo profesional	Categoría profesional	Salario base	Complemento de categoría profesional	Compto. de centro de traballo	Compto. de función directiva	Complemento de calidade/cantidade de complemento de polivalencia	Compto. específico noite	Comptos. non salariais	Bruto mensual	Bruto anual
0b	Director	1.310,89	307,73	350,83	371,45			197,49	2538,40	33698,06
	Subdirector	1.268,21	258,27	350,83	201,78			197,49	2276,58	30371,88
	Coordinador	1.217,59	180,31	292,36	109,38			197,49	1997,14	26761,45
1	Postos de licenciatura	1.172,57	173,56	197,09				197,49	1740,72	23580,90
2	Educador de primeiro ano	1.107,48	43,71	33,27				197,49	1381,94	18885,70
	Educador de segundo ano	1.107,48	87,41	66,54				197,49	1458,92	19896,87
	Postos de diplomatura: educadores, traballadores sociais, orientadores e técnicos de 2º	1.107,48	163,75	152,53				197,49	1621,25	21997,41
	Educador nocturno de primeiro ano	1.107,48	43,71	33,27			76,50	197,49	1458,44	19803,70
	Educador nocturno de segundo ano	1.107,48	87,41	66,54			76,50	197,49	1535,42	20814,87
	Educador nocturno	1.107,48	163,75	152,53			76,50	197,49	1697,75	22915,41
	Monitor	1.080,55	163,75	44,77				197,49	1486,56	20327,27
3	ATE	1.077,00	156,09	152,53		38,13		197,49	1621,24	21921,02
	Administrativo e técnicos de 3º	1.008,54	156,09	4,68				109,62	1278,93	17676,38
	Auxiliares administrativos e clínica	985,00	156,09	4,68				15,47	1161,25	16217,18
4	Cociñeiro	974,30	147,69	4,68				160,31	1286,98	17687,76
	Mantemento e téc. 4ª en administración	988,39	147,69	4,68		19,09		197,49	1357,34	18560,26
	Limpeza, lavandaría e axudante cociña	943,25	147,69	4,68				36,04	1131,65	15761,65
	Auxiliares de tarefas	918,48	119,49						1037,97	14531,61

Nota: o complemento de antigüidade especial incrementase nun 2%

Distribución de contías brutas mensuais e anuais de complementos salariais e non salariais para postos no resto de centros de traballo con incremento 2% IPC previsto para o ano 2009

Grupo profesional	Categoría profesional	Salario base	Complemento de categoría profesional	Compto. de centro de traballo	Compto. de función directiva	Complemento de calidade/cantidade de complemento de polivalencia	Compto. específico noite	Comptos. non salariais	Bruto mensual	Bruto anual
0b	Director	1.268,21	307,73	180,14	265,32			197,49	2.218,90	29.778,63
	Subdirector	1.217,59	258,27	148,40	144,13			197,49	1.965,88	26.542,35
	Coordinador	1.172,57	180,31	112,21	78,13			197,49	1.740,71	23.594,26
1	Postos de licenciatura	1.148,68	173,56	101,50				197,49	1.621,24	22.099,33
2	Educador de primeiro ano	1.080,55	10,20	10,20				197,49	1.298,44	17.762,74
	Educador de segundo ano	1.080,55	20,40	20,40				197,49	1.318,84	18027,94
	Postos de diplomatura: educadores, traballadores sociais, orientadores e técnicos de 2º	1.080,55	163,75	44,77				197,49	1.486,56	20.327,27
	Educador nocturno de primeiro ano	1.080,55	10,20	10,20			51,00	197,49	1.349,44	18.374,74
	Educador nocturno de segundo ano	1.080,55	20,40	20,40			51,00	197,49	1.369,84	18.639,94
	Educador nocturno	1.080,55	163,75	44,77			51,00	197,49	1.537,56	20.939,27
	Monitor	1.080,55	163,75	44,77				197,49	1.486,56	20.327,27

Grupo profesional	Categoría profesional	Salario base	Complemento de categoría profesional	Compto. de centro de traballo	Compto. de función directiva	Complemento de calidade/cantidade complemento de polivalencia	Compto. específico noite	Comptos. non salariais	Bruto mensual	Bruto anual
3	ATE	1.050,07	156,09	44,77		38,13		197,49	1.486,55	20.250,87
	Administrativo e técnicos de 3ª	1.008,54	156,09	4,68				109,61	1.278,92	17.676,25
	Auxiliares administrativos e clínica	985,00	156,09	4,68				15,47	1.161,25	16.217,18
4	Cociñeiro	974,30	147,69	4,68				160,30	1.286,97	17.687,68
	Mantemento e téc. 4ª en administración	988,39	147,69	4,68		19,09		197,49	1.357,34	18.560,26
	Limpeza, lavandaría e axudante cociña	943,25	147,69	4,68				36,04	1.131,65	15.761,65
	Auxiliares de tarefas	918,48	119,49						1.037,97	14.531,61

Nota: o complemento de antigüidade especial incrementábase nun 2%

Distribución de contías brutas mensuais e anuais de complementos salariais e non salariais para postos directivos de área con incremento 2% IPC previsto para o ano 2009

Grupo profesional	Categoría profesional	Salario base	Complemento de categoría profesional	Compto. de centro de traballo	Compto. de función directiva	Comptos. non salariais	Bruto mensual	Bruto anual
Oa	Coordinador de área	1.445,76	467,17	584,60	411,53	197,49	3.106,55	41.104,46
	Subcoordinador de área	1.364,05	467,17	350,81	318,47	197,49	2.697,99	36.038,31

Nota: o complemento de antigüidade especial incrementábase nun 2%

Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lle dá publicidade ao acordo de mediación relativa á negociación derivada do artigo 35 do II Convenio colectivo para o persoal de administración da Universidade de Vigo.

Visto o texto do acordo de mediación relativo á negociación derivada do artigo 35 do II Convenio colectivo para o persoal de administración da Universidade de Vigo e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, artigo 2 f) do Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, artigo 17 a) do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do dito acordo de mediación no Rexistro Xeral de Convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

Acta de mediación

En Vigo, o 14 de maio de 2009, conforme o procedemento de mediación do Acordo galego para a solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo (AGA), no conflito relativo a negociación derivada

do artigo 35 do II Convenio Colectivo para o persoal de administración da Universidade de Vigo, as partes que a continuación se reflicten chegan a acordo, tras cinco reunións de mediación, e poñen fin ao citado conflito colectivo, coas seguintes cláusulas; actúa de mediador o designado en acta do 1 de abril de 2009, José Mª Casas de Ron, e acéptase a súa proposta mediadora.

Reunidas as partes, que son, por unha banda, en representación da Universidade de Vigo, a súa xerente, Ana Fernández Pulpeiro, a vicexerente Ana Comesaña Álvarez, e a xefa de servizo, Antonia Melón Amor; e, por outra, a representación sindical integrada por Marcos Estévez Orge e Manuel Marcos García, de CC.OO., Luis Pérez Gómez e Carlos Mollinedo Lois, de CIG, J. Andrés Zapirain Fernández de UGT, José Mª Pérez Landín, de CSI-CSIF, e Antonio Manuel Rodríguez González, do Grupo Independente da Universidade de Vigo, alcanzaron os seguintes acordos:

1.-Complétase a homoxeneización prevista no artigo 35 do II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, seguindo as propostas de niveis, grupos, escalas e postos de funcionarios formuladas pola Xerencia, con data do 19 de febreiro de 2009. Neste sentido, teranse en conta diversas particularidades para postos de traballo do grupo I e persoal de informática e outros postos dos grupos restantes.

2.-Establécese unha paga única de 400 € non consolidable, compensatoria das expectativas xeradas, resultado de actualizar, computar atrasos acumulados e arredondar a paga compensatoria máxima establecida pola Xerencia e determinada polo mediador, conforme a doutrina das últimas posicións máis favorables dentro do proceso de homoxeneización.

3.-A homoxeneización retributiva terá efectos do 1 de xaneiro de 2007, xerando os atrasos corresponden-